

Luns, 29 de xaneiro de 2024

Núm. 20

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****BAIONA****Recadación**

*PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2023, SAF BASICA E SAF DEPENDENCIA. EXPTE. NUM 278 / 2023.*

**ANUNCIO**

*APROBAR O PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2023, SAF BASICA E SAF DEPENDENCIA. EXPTE. NUM 278 / 2023.*

Por decreto de alcaldía de data 10 de xaneiro de 2024, foi aprobado o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar, correspondente ao mes de decembro de 2023, SAF BASICA e SAF DEPENDENCIA., quedando aberto o período de exposición ao público por un prazo de 20 días hábiles, contado a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, durante o cal os interesados podrán, nas oficinas de recadación do Concello de Baiona, examinar o padrón aprobado.

A exposición ao público do padrón anterior producirá os efectos de notificación colectiva conforme ao establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Os rexistros incorporados ao padrón conteñen datos de carácter persoal amparados pola Lei de protección de datos, polo que cada interesado poderá consultar exclusivamente e na súa integridade os rexistros relativos a súa débeda tributaria.

**LUGAR, FORMA E PRAZO DE SATISFACER A DÉBEDA:**

O pago dos recibos efectuarase mediante domiciliación bancaria, de conformidade coas solicitudes efectuadas polos usuarios.

O período voluntario de cobranza dos recibos correspondentes ao mes de decembro de 2023, queda establecido da seguinte maneira:

Cota mes decembro: dende o 16 de xaneiro de 2024 ao 16 marzo de 2024.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario e sen máis notificacións nin requirimentos, as débedas non satisfeitas serán esixidas en vía executiva, devengándose os xuros de demora e recargas do período executivo, nos termos dos artigos 26, 28 e 62 da devandita lei, e no seu caso as costas do procedemento de prema, de acordo co preceptuado no artigo 161.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Luns, 29 de xaneiro de 2024

Núm. 20

Contra as liquidacións do padrón da taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar do mes de decembro de 2023, e conforme dispón os artigos 108 da Lei 7/1985, do 2 de xullo Reguladora das Bases do Réxime Local, e 222 a 225 da LGT, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da finalización da exposición ao público.

Contra a denegación expresa ou tácita do recurso de reposición, poderá interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, recurso contencioso-administrativo nos seguintes prazos:

- Dous meses contados desde o día seguinte á notificación ou publicación do acordo resolutorio do recurso de reposición (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).
- Seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (art. 46 da Lei 29/1998) no caso de que o recurso de reposición non se resolveu de forma expresa.

Documento asinado telemáticamente ao marxe O alcalde,

